



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: MANTEMENTO DA ZONA CREADA PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA DE HORTALIZAS DURANTE AS FESTAS DE PASCUA DO 2024-2027.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. Durante as festas da Pascua ven sendo habitual que os veciños e veciñas que se adican á venda de hortalizas e verduras se coloquen en pequenos postos entre os postos adxudicados trala licitación, polo que resulta necesario regularizar esta situación.

Segundo. Tras varias reunións coas persoas afectadas e tendo coñecemento de que así se ven acordando dende o ano 2018, entendeuse que o máis axeitado era establecer unha zona reservada a este tipo de actividade polo tipo de residuo que provoca e evitar interferencias ou invonvenientes a outros postos.

Terceiro. En base ao anterior encargouse ao arquitecto don Ramón Andrés Rey Otero elaborase un plano coa lenda zona H, no que se establecen 26 postos de 2x2 metros, para a ocupación do espacio público no Campo do Souto, apróximados aos postos que veñen ocupando durante o ano no mercado dominical, durante os tres domingos que duran as festas da Pascua.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Segundo o artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL), os usos comúns especiais están sometidos a licenza ou autorización e estas outorgaranse mediante licitación si estivese limitado o seu número. No mesmo sentido o artigo 92.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (LPAP).

Segundo. Considerando o réxime deste tipo de autorizacións recollido no 92 da LPAP, de aplicación supletoria ás entidades locais, agás os parágrafos 1, 2 e 4 que teñen o carácter de básicos de acordo á disposición final.

Terceiro. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Cuarto. Tendo en conta a urxencia na tramitación deste expediente dado que as festas darán comezo próximamente e considerando que o artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recolle que *"Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente"*,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia para manter e mover a zona creada no ano 2018 reservada durante os tres domingos que duran as festas da Pascua para a instalación de postos de venda de hortalizas e verduras durante as festas da Pascua 2024-2027 polos motivos expostos no fundamento de dereito cuarto.

Segundo. Mover a zona do plano anteriormente desigando coa lenda zona H, agora na nova ubicación denominado zona Herbón, elaborado polo arquitecto don Ramón Andrés Rey Otero, no que se grafa a zona reservada para postos de venda de hortalizas e verduras durante os tres domingos que duran as festas da Pascua 2024-2027 e no que se definen 26 postos de 2x2 metros cada un, e que se sitúan aproximados aos postos que veñen ocupando durante o ano no mercado dominical, no Campo do Souto.

Terceiro. Dispoñer que toda a veciñanza que se adica a venda de hortalizas e verduras durante a anualidade no mercado dominical, poidan optar a os citados postos.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

Cuarto. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Tesourería.

Quinto. Publicar o presente acordo na páxina web (www.padron.gal) e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca